

# Chegou a hora do ensino público e do seu profesorado



Prezados/as compañeiros/as:

Somos o único  
sindicato da Mesa  
Sectorial que defende  
**EXCLUSIVAMENTE**  
o Ensino Público

O xoves día **1 de decembro** vanse celebrar as eleccións sindicais. Ese día elixíranse os e as representantes dos intereses do profesorado ante a Administración Educativa Galega polo que **precisamos, se así o consideras, o voso apoio ao intenso traballo realizado polos teus compañeiros e compañeiras de ANPE neste últimos catro anos**, apostando por nós, co voso VOTO, ese día tan sinalado.

Afrontamos estas eleccións con forza, coa solidez e o compromiso ao que nos mantemos firmes desde hai máis de 43 anos: a nosa firme **defensa do ensino público e do seu profesorado desde a nosa independencia e profesionalidade**.

Desde ANPE vemos con preocupación as consecuencias derivadas da pandemia e da profunda crise na que nos atopamos inmersos. Compartimos con todos os compañeiros e compañeiras a sensación da profunda degradación que sofre a nosa profesión en todos os ámbitos.

Pensamos desde ANPE que **estes catro anos transcorridos desde as últimas eleccións sindicais foron unha oportunidade perdida na que a forza sindical maioritaria no ensino galego non foi quen de acadar rédito algún para o profesorado galego** nin arrincar a negociación de temas tan vitais como poden ser a redución das rateos nas nosas aulas, a volta ao horario lectivo de 21 horas para o profesorado de Educación Infantil e Primaria e de 18 horas lectivas para o resto das ensinanzas; así como doutros dereitos arrebatados. Falamos da recuperación do cobro dos meses de verán para o profesorado interino que traballe a lo menos cinco meses e medio. Falamos das licenzas de formación anuais, do cobro dobre das pagas extraordinarias e dun amplo etcétera que se poden salientar. Non foron tampouco capaces de esixir á Administración Galega unha redución drástica da burocracia que nos afoga no día a día e que non deixa de incrementarse.

Destacar que **naquelas Comunidades Autónomas onde ANPE lidera ao profesorado, levamos tempo negociando e pechando importantes acordos** nas liñas das xa mencionadas. Tales son os casos de, por exemplo, Castela-A Mancha, Canarias, Madrid, Castela-León, Murcia...

Desde a única Organización Sindical da Mesa Sectorial que **defendemos EXCLUSIVAMENTE o ensino público**, sen conflitos de intereses público-privado; comprometémonos, como sempre fixemos, a estar á altura da vosa confianza e traballar arreo polo único que nos move, o ensino público e o seu profesorado.

Pedímosvos e agardamos o voso respaldo. En primeiro lugar participando nas eleccións sindicais do 1 de decembro e, sobre todo, que **depositedes a vosa confianza en nós, votando a ANPE**.

Julio Díaz Escolante  
Presidente ANPE GALICIA

